

CO

GA

MI

Guía de recursos 2024



ÍNDICE

1. <u>Recoñecementos</u>	1
2. Prestacións socioeconómicas.....	4
3. Idade de xubilación.....	16
4. Programas.....	19
5. Familia numerosa.....	28
6. Servizos.....	30
7. Taxas.....	37
8. Emprego.....	39
9. Formación.....	58
10. Vivenda.....	62
11. Beneficios fiscais.....	72
12. Lei de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.....	121
13. Canais para presentar queixas ou reclamacións.....	124



RECOÑECIMENTOS

1 RECOÑECEMENTOS

Concepto de discapacidade

Son persoas con discapacidade aquelas que presentan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais, previsiblemente permanentes que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais.

Terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas ás que se lles recoñecese un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. O certificado do grao de discapacidade responde a criterios técnicos unificados, fixados mediante baremos establecidos por normativa estatal.

Revisión grao de discapacidade

O grao de discapacidade será obxecto de revisión sempre que se prevea unha melloría razoable das circunstancias que deron lugar ao seu recoñecemento, debendo fixarse o prazo en que debe efectuarse esta revisión. No caso de que o carácter da valoración sexa definitivo, poderá revisarse transcorrido un prazo de 2 anos, achegando a documentación que xustifique as modificacións. Non será preciso esgotar o prazo de dous anos nos casos en que se producisen cambios substanciais nas circunstancias que deron lugar ao recoñecemento.

As persoas que consideren que se produciu un empeoramento na súa situación poden solicitar unha revisión do grao de discapacidade por agravamento, independentemente de que a prórroga do certificado houbera ou non expirado.

Solicitude

As solicitudes poderán presentarse vía presencial nos Servizos Sociais Comunitarios do concello de referencia ou nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e vía Sede Electrónica ou por rexistro xeral da Xunta.

Quen avalía

Este recoñecemento efectúase a través dos Equipos de Valoración e Orientación (EVO). A cualificación do grao de discapacidade que realicen os órganos técnicos competentes será independente das valoracións técnicas efectuadas por outros organismos no exercicio das súas competencias públicas.

Órgano competente no recoñecemento

Están localizados nas sete cidades galegas, nos enderezos seguintes:

A Coruña

Edif. Admvo. de Monelos. Rúa Vicente Ferrer 2. 15008.

Tlf: 981 182 501-981 182 502-981 182 503

Ferrol

Edif. Admvo. Praza Camilo José Cela, s/n. 15403.

Tlf: 981 337 232-981 337 234-981 337 235

Lugo

Rúa Serra dos Ancares, 68 baixo, 27003

Tlf: 982 889 145- 982 889 133

Ourense

Rúa Sáenz Díez 33 baixo, 32003

Tlf: 988 386 157- 988 386 158- 988 386 160- 988 386 161

Vigo

Rúa Rúa Faisán 12, 36205

Tlf: 886 120 710

Pontevedra

Avenida de Vigo 16 baixo, 36003

Tlf: 986 844 740

Santiago

R/ Queixume dos Pinos, 2

Edificio CEGADI, 15705

Telf 881 999 236

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Real Decreto 888/2022, de 18 de outubro, polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade e substitúe ao baremo que estaba en vigor dende 1999.

Este novo baremo entra en vigor o 20 de abril de 2023, e está pendente de ser desenvolvido pola Xunta de Galicia a través da normativa correspondente, polo que substituirá á orde vixente actualmente que quedará derogada:

Orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, quedará derogada.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Política Social e Xuventude
<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/discapacidade>

Tarxeta de recoñecemento do grao de discapacidade

TITULARES: Persoas que teñen recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (e teñan o expediente na Comunidade Autónoma de Galicia).

PROCEDEMENTO DE EXPEDICIÓN:

De oficio: cando a resolución do grao de discapacidade ou de revisión se dite despois do 5 de agosto de 2016, ou persoas que teñan unha solicitude de revisión en curso.

Terán que presentar solicitude asinada aquelas persoas que xa teñen recoñecido un grao de discapacidade, provisional ou definitivo, antes do 5 de agosto de 2016, e no caso de perda ou substracción da tarxeta.

MODO DE SOLICITAR A TARXETA:

Modelo (Anexo II) se xa se ten acreditada unha discapacidade.

Modelo (Anexo III) no caso de perda ou substracción.

Solicitude vía electrónica:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS611B>

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Orde do 20 de xullo de 2016 pola que se crea a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade e se regula o procedemento para a súa obtención

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Política Social e Xuventude
<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/discapacidade>

Recoñecemento situación de dependencia

CONCEPTO: os equipos de valoración da dependencia serán os que valoren a capacidade da persoa para levar a cabo por si mesma as actividades básicas da vida diaria, así como a necesidade de apoio e supervisión para a súa realización por persoas con discapacidade intelectual ou con enfermidade mental.

REVISIÓN GRAO DE DEPENDENCIA E

PRESTACIÓN RECOÑECIDA: o grao de dependencia será revisable, por instancia da persoa interesada, dos seus representantes ou de oficio polas administracións públicas competentes, por algunha das seguintes causas: Melloría ou empeoramento da situación de dependencia / Erro de diagnóstico ou na aplicación do correspondente baremo.

As prestacións poderán ser modificadas ou extinguidas en función da situación persoal da persoa beneficiaria cando se produza unha variación de calquera dos requisitos establecidos para o seu recoñecemento, ou por incumprimento das obrigas reguladas nesta lei.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para

a elaboración do programa individual de atención e a organización e o funcionamento dos órganos técnicos competentes, e a Orde do 30 de novembro de 2023, de desenvolvemento do anterior decreto.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Política Social e Xuventude
<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/maiores-e-dependencia>

Incapacidade laborais permanentes. Equiparacións

Para determinados ámbitos expresamente identificados na lexislación específica sectorial, poden considerarse que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo, en virtude do previsto no artigo 4.2 do Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro que aproba o texto refundido da Lei de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Non obstante, dita equiparación a raíz do criterio xurisprudencial do Tribunal Supremo (STS 992/2018; 994/2018), e da sentenza do TSXG de 21 de novembro de 2019, non se ostenta automaticamente a todos os efectos, xa que o Real Decreto Legislativo excedeuse na súa refundición ao modificar os termos recollidos nas leis refundidas.

Isto conleva que as persoas pensionistas terán que ser valoradas conforme aos criterios técnicos unificados de valoración da discapacidade para alcanzar o grao de discapacidade que lle corresponda.

NORMATIVA DE REFERENCIA: Lei 6/2022, do 31 de marzo, de modificación do Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, para establecer e regular a accesibilidade cognitiva e as súas condicións de esixencia e aplicación.

Doutrina Tribunal Supremo: a Sala Cuarta do Tribunal Supremo ditou tres sentencias, nº 992, 993 e 994, resolvendo senllos recursos de unificación de doutrina, nas que declarou *ultra vires* o artigo 4.2 do Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social, confirmando a súa inaplicación.

Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego

A recente **Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego**, publicada o 1 de marzo de 2023 e con entrada en vigor ao día seguinte ao da súa publicación, establece na súa Disposición Final Segunda determinadas modificacións ao Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social.

Esta nova lei, en relación con determinados apartados e preceptos do RDL, no **ámbito do dereito ao traballo**, procede a establecer a equivalencia a un grao de discapacidade do 33% a persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.



PRESTACIONES SOCIOECONÓMICAS

2 PRESTACIONES SOCIOECONÓMICAS

Pensión non contributiva de invalidez (PNCI)

Prestación económica individual de carácter periódica que cubre contingencias de invalidez ou deficiencia e que garante uns ingresos mínimos a aquelas persoas que non poidan acceder a outro tipo de pensións.

Asegura a aquelas persoas en situación de discapacidade e en estado de necesidade unha prestación económica e asistencia médico farmacéutica gratuíta e servizos sociais complementarios (persoas que non cotizaron ou non o fixeron o suficiente).

REQUISITOS:

- ▶ Ser maior de 18 anos e menor de 65 anos.
- ▶ Estar afectado/a por unha discapacidade ou enfermidade crónica en grao igual ou superior ao 65%.
- ▶ Residir legalmente no territorio español polo menos durante cinco anos, dos cales dous terán que ser inmediatamente anteriores á data de solicitude da pensión.

▶ Persoas nacionais da UE que totalicen o período de residencia mencionado no apartado anterior no territorio de calquera estado membro.

▶ Carecer de rendas ou ingresos superiores a 7.250,60€ anuais para o ano 2024. No caso de convivir con outras persoas nunha mesma unidade económica a contía de ingresos será a que se mostra na seguinte táboa:

Pensión non contributiva de invalidez (PNCI)			
Nº de convivintes ata 2º grao (cónxuxes, netas/os, irmáns/ás...)	euros ao ano	Nº de convivintes ata 1º grao (pais/nais e fillas/os)	euros ao ano
2	12.326,02	2	30.815,05
3	17.401,44	3	43.503,60
4	22.476,86	4	56.192,15

INCOMPATIBLE:

- Percibir outra pensión de igual ou superior contía.
- Pensións Asistenciais (FAS por enfermidade ou vellez), o antigo Fondo de Asistencia Social.
- Subsidio de garantía de ingresos mínimos e de axuda de terceira persoa (LISMI).
- Pensión non contributiva de xubilación.
- Pensións Asistenciais (PAS).
- Coa condición de causante da asignación familiar por fillo/a a cargo con discapacidade.

COMPATIBLE: coa pensión de orfandade, descontándose da PNC a cantidade correspondente á pensión de orfandade. No suposto de que as persoas beneficiarias dispoñan de rendas ou ingresos propios superiores ao 35% do importe anual fixado na pensión non contributiva, a contía anual da pensión establecida reducirase nun importe igual á cantidade na que os ingresos persoais, en cómputo anual, excedan da porcentaxe indicada.

A persoa pensionista pode exercer actividades, lucrativas ou non, compatibles co seu estado e que non representen un cambio na súa capacidade de traballo. Se exerce actividades lucrativas, hai compatibilidade no cobro da pensión e das rendas obtidas durante os 4 anos seguintes ao inicio da actividade, cando a suma da pensión de invalidez e dos ingresos que obtén pola actividade e resto de ingresos que posúa, non sexan superiores ao importe en cómputo anual do Indicador Público de Renda de efectos múltiples (IPREM) vixente. No caso de exceder de dita contía, reducirase o importe da pensión no 50% do exceso, sen

que en ningún caso, a suma da pensión e dos ingresos poida superar 1.5 veces o IPREM. Esta redución non afecta ao complemento por 3ª persoa.

NORMATIVA RELACIONADA:

Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE do 31 de outubro).

Real Decreto 357/1991, do 15 de marzo, polo que se desenvolve en materia de pensións non contributivas a Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas (integrada no Real Decreto Legislativo anterior), (BOE do 21 de marzo).

Orde PRE/3113/2009, do 13 de novembro, pola que se ditan normas de aplicación e desenvolvemento do Real Decreto 357/1991, do 15 de marzo, polo que se desenvolve, en materia de pensións non contributivas, a Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, sobre rendas ou ingresos computables e a súa imputación (BOE do 20 de novembro).

COMUNICACIÓN:

As persoas beneficiarias desta prestación que inicien unha actividade laboral por conta propia ou allea, deben de comunicalo para que lle paralicen a prestación e volverán a comunicalo cando deixen de traballar, para volver a recuperar a prestación.

OUTRA INFORMACIÓN RELACIONADA:

Normativa e requisitos segundo o Instituto de Maiores e Servizos Sociais.

NORMATIVA RELACIONADA:

Lei 21/2021, de 28 de decembro, de garantía do poder adquisitivo das pensións e outras medidas de reforzo da sostibilidade financeira e social do sistema público de pensións, as pensións de Seguridade Social.

Contías	Mensual	Anual
Íntegra	517,90€	7.250,60€
Mínimo legal do 25%	129,48 €	1.812,65€
Complemento necesidade doutra persoa	258,95€	3.625,30€
Íntegra + complemento necesidade de 3ª persoa	776,85€	10.875,90€
Mínima + complemento necesidade 3ª persoa	388,43€	5.437,95€

Complemento de terceira persoa

Percibirán, ademais da PNCl, un complemento do 50% do importe da pensión.

REQUISITOS:

Persoas maiores de 18 anos e menores de 65 anos. Grao de discapacidade igual ou superior ao 75% e que precisen a axuda doutra persoa para realizar as actividades máis esenciais da vida diaria.

Non ten que solicitarse, aplícase de forma automática.

O Real Decreto-lei 8/2023, de 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraia e Oriente Próximo, así como para paliar os efectos da sequía. Establécese unha revalorización das pensións do Sistema da Seguridade Social para o exercicio 2024 do 3,8 por cento, incluído o límite máximo de percepción de pensións públicas.

Complemento para titulares de PNC que residan en vivenda alugada

CONCEPTO:

Establecer un complemento de pensión dirixido a persoas beneficiarias de pensións non contributivas de xubilación e invalidez que carezan de vivenda en propiedade e teñan como residencia habitual unha vivenda alugada como titular do contrato, por propietarios cos que non teña relación de parentesco ata o 3º grao.

REQUISITOS:

- ▶ Ter recoñecida unha PNC de xubilación ou invalidez na data da solicitude.
- ▶ Carecer de vivenda en propiedade.
- ▶ Ser titular do contrato de arrendamento da vivenda na data da solicitude.
- ▶ Non ter relación de parentesco ata o 3º grao co arrendador da vivenda alugada, que se acreditará mediante declaración responsable.
- ▶ Ter fixada a súa residencia habitual na vivenda alugada.
- ▶ Enténdese que a vivenda é domicilio habitual cando a vixencia do arrendamento non sexa inferior a un ano e teña residido na mesma durante un período mínimo de 180 días, inmediatamente anteriores á data da solicitude e que durante dito período tivera percibido a correspondente PNC.

No caso de unidades familiares nas que

convivan varias persoas perceptoras só poderá percibir o complemento a persoa titular do contrato de aluguer, ou de ser varias persoas titulares, a primeira delas.

CONTÍAS:

A contía do complemento é de 525 € anuais. A contía deste complemento non se computa como rendas ou ingresos a efectos de determinar o mantemento do dereito á pensión. Abóase nun pagamento único que se fará efectivo antes do 31 de decembro ou dentro do prazo dos 3 meses seguintes a dita data.

Prestación familiar por filla ou fillo a cargo con discapacidade

CONCEPTO:

As prestacións familiares por filla/o a cargo consisten nunha asignación económica por cada filla/o menor de 18 anos cunha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% ou maior de dita idade cando o grao de discapacidade sexa igual ou superior ao 65%, a cargo do beneficiario, calquera que sexa a natureza legal da filiación, así como polos menores ao seu cargo en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción, que cumpran os mesmos requisitos.

Estas prestacións están incluídas nos dous niveis de protección que compoñen o Sistema da Seguridade Social:

- Nivel Contributivo: están comprendidas dentro da acción protectora do Réxime Xeral e dos Réximes Especiais da Seguridade Social.
- Nivel Non Contributivo: o dereito a estas prestacións esténdese a todas as persoas que se atopen en situación de necesidade, aínda cando non cotizaran nunca ou non o fixeran o tempo suficiente para acadar as prestacións do nivel contributivo, aínda que está condicionado a uns niveis máximos de ingresos.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

- ▶ Menor de 18 anos cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- ▶ Maior de 18 anos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% a cargo da persoa beneficiaria.
- ▶ Orfos/as de pai e nai e abandonados/as polos pais/nais, sempre que non se atopen en réxime de acollemento familiar.
- ▶ Persoas con discapacidade maiores de 18 anos que, en vez dos seus proxenitores ou adoptantes, soliciten ser elas as persoas beneficiarias, con carácter previo e audiencia dos mesmos.

ORGANISMO DE REFERENCIA DO COMPLEMENTO PARA TITULARES DE PNC QUE RESIDAN EN VIVENDA ALUGADA:

Consellería de Política Social e Xuventude

NORMATIVA DE REFERENCIA DO COMPLEMENTO PARA TITULARES DE PNC QUE RESIDAN EN VIVENDA ALUGADA:

Real Decreto 1191/2012, de 3 de agosto. Orde do 11 de abril de 2017.

REQUISITOS:

- ▶ Residir legalmente en territorio nacional.
- ▶ Non ter dereito nin o pai nin a nai a prestacións desta natureza en calquera réxime público de protección social.
- ▶ Ter recoñecida unha discapacidade no grao establecido.
- ▶ Para poder acceder á atención de terceira persoa é preciso ter recoñecido, ademais do grao de discapacidade do 75%, a necesidade dunha 3ª persoa para a realización das actividades da vida diaria.

COMPATIBLE:

Cos ingresos que poida percibir por traballo lucrativo por conta allea ou propia, sempre que non supere o 100% do Salario Mínimo Interprofesional.

Coa pensión de orfandade e a pensión en favor de familiares de netos/as e irmáns/irmás.

INCOMPATIBLE:

Coa percepción por parte dos proxenitores ou adoptantes, de calquera outra prestación análoga establecida nos réximes públicos de protección social.

Entre ambos proxenitores ou adoptantes, o dereito a percibirla só poderá ser recoñecido a favor dun deles.

A percepción das asignacións económicas por fillo/a a cargo, maior de 18 anos e cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, é incompatible coa condición, por parte do/a fillo/a, de pensionista de PNC.

CONTÍAS:

- Fillo/a menor de 18 anos: 1.000 € ao ano (250 € trimestrais) cando o/a fillo/a a cargo teña unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%.
- Fillo/a maior de 18 anos 5.647,20€ ao ano (470,60€ ao mes) cando o/a fillo/a a cargo teña unha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%.
- 8.469,60€ ao ano (705,80€ ao mes) cando o/a fillo/a a cargo teña unha discapacidade en grao igual ou superior ao 75% con concurso de 3ª persoa.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

INSS (Instituto Nacional da Seguridade Social).

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social. Real Decreto Lei 1/2000, de 14 de xaneiro, sobre determinadas medidas de mellora da protección familiar da Seguridade Social. Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas (BOE nº núm. 14, de 17 de xaneiro de 2000). Real Decreto 1335/2005, de 11 de novembro, polo que se regulan as prestacións familiares da Seguridade Social.

Real Decreto-lei 8/2023, de 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraia e Oriente Próximo, así como para paliar os efectos da sequía. para o exercicio 2024.

Prestacións derivadas da LISMI

A Lei 13/1982, de 7 de abril (LISMI) articula que o Goberno establecerá e regulará por Decreto un sistema especial de prestacións sociais e económicas para as persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non estean incluídas no campo da aplicación do Sistema da Seguridade Social. O citado Decreto é o 383/1984, de 1 de febreiro, polo que se establece e regula o sistema especial de prestacións sociais e económicas, e a xestión e a tramitación destas prestacións corre ao cargo dos poderes públicos e levarase a cabo por medio do Sistema da Seguridade Social.

Prestacións derogadas da LISMI

Estes subsidios quedaron suprimidos pola Lei 26/1990, do 20 de decembro, aínda que as persoas que xa son beneficiarias poden continuar percibíndoas.

Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte

Prestación económica destinada a cubrir os gastos de desprazamento fóra do domicilio habitual cando a persoa ten graves problemas de mobilidade para utilizar por si mesma servizos colectivos de transporte.

Contía anual: 934 €

Contía mensual: 78,20 € (doce mensualidades).

Asistencia sanitaria e farmacéutica

Prestación de asistencia médico-farmacéutica gratuíta, nas mesmas condicións do Réxime Xeral da Seguridade Social, para uso exclusivo da persoa con certificado de discapacidade.

Subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM)

Prestación subsidiaria para persoas maiores de 18 anos cun grao de discapacidade do 65% que compensa a carencia de recursos económicos e a incapacidade de obtelos. É incompatible co FAS, PNCI e Prestación Familiar por fillo/a a cargo. Suprimida pola Lei 26/1990.

Contía anual: 2.098,04€

Contía mensual: 149,86€

Subsidio para axuda de terceira persoa (SATP)

Prestación de subsidio complementario do SGIM, que compensaba a falta de autonomía para a realización das actividades da vida diaria.

Esixíase un 75% do grao de discapacidade.

Suprimida pola Lei 26/1990.

Contía anual: 818,30€

Contía mensual: 58,45€

ORGANISMO DE REFERENCIA:

Consellería de Política Social e Xuventude.

Prestacións sociais e económicas para persoas con discapacidade (LISMI).

NORMATIVA DE REFERENCIA: Lei 13/1982, do 7 de abril, de Integración Social das Persoas con Discapacidade (BOE nº 103, do 30 de abril de 1982).

Real Decreto 383/1984, do 1 de febreiro, polo que se establece e regula o sistema especial de prestacións sociais e económicas previsto na Lei 13/82 (BOE nº 49, do 27 de febreiro do 1984).

Contías das pensións contributivas 2024

Clase de pensión (contías mínimas)	Titular con cónxuxe a cargo		Unidade económica unipersoal		Titular con cónxuxe non a cargo	
	importe mensual	importe anual	importe mensual	importe anual	importe mensual	importe anual
xubilación						
Titular con 65 anos	1.031,87	14.446,20	825,20	11.552,80	783,30	10.966,20
65 anos procedente de gran invalidez	1.549,90	21.698,60	1.237,80	17.329,20	1.174,90	16.448,60

incapacidade permanente

Gran invalidez	1.549,90	21.698,60	1.237,80	17.329,20	1.174,90	16.448,60
Absoluta	1.031,87	14.466,20	825,20	11.552,80	783,30	10.966,20
Total con idade entre 60 e 64 anos	1.031,87	14.466,20	772,00	10.808,00	729,70	10.215,80
Parcial do réxime de accidente de traballo (Titular con 65 anos)	1.031,87	14.466,20	825,20	11.552,80	783,30	10.966,20

Contías das pensións contributivas 2024

Clase de pensión (contías mínimas)	Titular con cónxuxe a cargo		Unidade económica unipersonal		Titular con cónxuxe non a cargo	
	importe mensual	importe anual	importe mensual	importe anual	importe mensual	importe anual

viuvez

Titular con 65 anos ou con discapacidade igual ou superior 65%			825,20	11.552,80		
Titular entre 60 e 64 anos			772,00	10.808,00		
Titular menor de 60 anos			625,20	8.752,80		
Titular con cargas familiares			1.033,30	14.466,20		

orfandade

Por beneficiario/a			252,40	3.533,60		
Por beneficiario/a menor de 18 anos con discapacidade igual ou superior ao 65%			496,20	6.946,80		

en favor de familiares

Por beneficiario/a			252,40	3.533,60		
Beneficiario/a único/a con 65 anos			609,60	8.534,40		
Beneficiario/a único/a menor de 65 anos			547,50	8.043,00		
Varios/as beneficiarios/as			252,40 + 372,80 / N	3.533,60 + 5.219,20 / N		

SOVI concurrentes (Seguro Obligatorio de velez, invalidez e viuidade)

Por beneficiario/a			517,90	7.250,60		
--------------------	--	--	--------	----------	--	--

NORMATIVA RELACIONADA:

Real Decreto-ley 8/2023, de 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraia e Oriente Próximo, así como para paliar os efectos da sequía para o exercicio 2024.

Contía da pensión non contributiva por filla/o a cargo 2023

Clase de contía	Fillo/a a cargo importe mensual	Fillo/a a cargo importe anual
Menor de 18 anos con 33% ou máis	83,33	1.000
Maior de 18 anos con 65% ou máis	470,60	5.647,20
Maior de 18 anos con 75% de discapacidade e con necesidade de terceira persoa	705,80	8.469,60

Renda activa de inserción (RAI)

CONCEPTO:

Axuda específica dirixida ás persoas desempregadas con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego que adquiren o compromiso de realizar actuacións favorecedoras da súa inserción laboral. Este programa combina a percepción dunha renda coa busca activa de emprego.

REQUISITOS:

- ▶ Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% ou ser pensionista por incapacidade.
- ▶ Extinguir unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego salvo por sanción.
- ▶ Non ter dereito ás prestacións ou subsidios por desemprego ou á renda agraria.

- ▶ Estar inscrita/o ininterrompidamente na oficina de emprego durante un mínimo de 12 meses.
- ▶ Acreditar ante o Servizo Público de Emprego Estatal que durante o período de inscrición citado anteriormente se realizaron, polo menos, tres accións de busca activa de emprego.
- ▶ Non ter ingresos propios superiores ao 75% do SMI mensual vixente (Renda máxima de acceso a RAI para ano 2024: 810€euros/mes).
- ▶ Que a suma dos ingresos mensuais obtidos por todos os membros da súa unidade familiar (a persoa solicitante, cónxuxe e fillas/os menores de 26 anos ou maiores con discapacidade ou menores acollidos/as) dividida polo número de membros que a compoñen non supere o 75 % del SMI por membro.
- ▶ Non ter sido beneficiario/a de tres dereitos ao programa de renda activa de inserción.

▶ Non ter sido beneficiario/a da renda activa de inserción nos 365 días naturais anteriores á data de solicitude do dereito á admisión ao programa; salvo casos nos que se acredite unha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou a condición de vítima de violencia de xénero ou vítima de violencia doméstica.

OBRIGAS:

- ▶ Proporcionar a documentación e información que se considere necesaria a efectos da súa inclusión e mantemento no Programa.
- ▶ Participar nos programas de emprego ou en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais ou en aquelas outras de mellora da ocupación.
- ▶ Aceptar a colocación axeitada que lles sexa ofrecida.
- ▶ Renovar a demanda de emprego na forma e data que se determinen no documento de renovación da demanda.
- ▶ Comparecer, cando fora requirido, ante os Servizos Públicos de Emprego.
- ▶ Presentarse a cubrir a oferta e devolver aos Servizos Públicos de Emprego, no prazo de 5 días, o xustificante de ter comparecido no lugar e data indicados para cubrir as ofertas de emprego facilitadas por aqueles.
- ▶ Comunicar as causas de baixa, perda de requisitos e incompatibilidades no momento en que se produzan estas situacións.
- ▶ Reintegrar as cantidades da Renda Activa de Inserción indebidamente percibidas.
- ▶ Buscar activamente emprego.

PERCEPCIÓN:

Percibirase transcorrido 1 mes dende a data de solicitude (agás vítimas da violencia de xénero).

CONTÍA E DURACIÓN:

480 €/mes. Máximo 11 meses. No caso das persoas con discapacidade non será necesario esperar 1 ano para volver a solicitar dita renda. Prorrogable ata 3 veces.

COMPATIBLE:

As becas e axudas que se puideran obter pola asistencia a accións de formación profesional vencelladas ao Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional. Co traballo por conta allea a tempo parcial, en cuxo caso se deducirá do importe da renda a parte proporcional do tempo traballado, e o período da renda pendente de percibir mentres se manteña a compatibilidade ampliarase en igual proporción.

INCOMPATIBLE:

A obtención de rendas de calquera natureza que fagan superar os límites establecidos. Non se computarán a estes efectos as rendas que proveñan de accións ou traballos compatibles coa percepción da renda.

A percepción de prestacións ou subsidios de desemprego, ou de renda agraria. As pensións ou prestacións de carácter económico da Seguridade Social que sexan incompatibles co traballo ou que excedan na súa contía dos límites establecidos. A realización simultánea de traballo por conta propia ou allea a tempo completo. Coas axudas sociais que se puideran recoñecer ás vítimas de violencia de xénero

que non poidan participar nos programas de emprego.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).

NORMATIVA DE REFERENCIA: Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social. Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego.

Renda de inclusión social de Galicia (RISGA)

CONCEPTO:

Prestación social de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, mediante un proxecto personalizado de inserción que, partindo das necesidades e características de cada caso, procure a autonomía persoal, familiar e económica da persoa beneficiaria, e acade a súa integración social e/ou laboral.

REQUISITOS:

1- Ter residencia efectiva con padrón en calquera concello de Galicia polo menos durante os seis meses anteriores á formulación da solicitude. Quedan eximidas do cumprimento deste requisito dos seis meses:

>Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado, sexan beneficiarias do salario social na Comunidade

Autónoma da que proceden, sempre que na lexislación desa Comunidade se recolla a reciprocidade.

>As vítimas de violencia doméstica ou de xénero que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade.

>Persoas emigrantes galegas retornadas cando fixen a súa residencia en Galicia. Aquelas persoas nadas en Galicia que, residindo noutras comunidades autónomas, volvan fixar a súa residencia en Galicia.

2- A cidadanía doutros estados non membros da Unión Europea precisarán, ademais, acreditar a residencia legal en España no momento da formulación da solicitude (agás menores que formen parte da unidade de convivencia).

- Ter residencia legal conforme a normativa vixente.

- Ter a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración Xeral do Estado ou autorizada a súa permanencia por razóns humanitarias.

- Persoas vítimas de tráfico de seres humanos ou mulleres extranxeiras vítimas de violencia de xénero que contén con autorización de residencia ou cun traballo, nos termos que estableza a normativa de aplicación en materia de extranxeiría.

3- Ter constituída unha unidade de convivencia independente, vencellada economicamente á persoa solicitante.

4- Ter entre 25 e 65 anos. Así como menores de 25 anos que teñan menores ao seu cargo, ou maiores de 18 que:

>Teñan recoñecida unha discapacidade e non teñan dereito a outra prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.

>Antes de acadar a maioría de idade estivesen tutelados/as pola Xunta e internados/as en centros de menores ou en acollemento familiar.

>Persoas que estean en situación de orfandade absoluta, e que reunindo os demais requisitos, non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.

5- Recursos inferiores á contía da prestación económica da RISGA que lle correspondera (subsídio básico + complemento variable) considerando a súa situación económica familiar.

6- Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real a prestarlles alimentos de acordo coa lexislación civil.

PROXECTO DE INTEGRACIÓN SOCIAL:

Está constituído por un conxunto de accións programadas que terán como obxecto mellorar a integración persoal, familiar ou social, así como, se é o caso, a incorporación da persoa beneficiaria ao sistema laboral. Accións que debe de integrar o Proxecto de Integración Social:

1. Que procuren a rehabilitación persoal e

familiar, así como a integración no medio social.

2. Accións de motivación laboral, orientación profesional e formación ocupacional.

3. Actividades de interese colectivo e social.

4. Actividades orientadas cara ao traballo.

PRESTACIÓN ECONÓMICA:

Complementaria doutros ingresos sempre que estes non superen a contía máxima para ter dereito á mesma.

Incompatible con outras pensións ou axudas de carácter público, salvo coas prestacións de protección á familia (filla/o a cargo menor de 18 anos) que se se computan no cálculo de recursos económicos da unidade de convivencia.

Duración da prestación: outórgase mentres subsistan as causas que a motivaron. Revísase cada 12 meses, de non haber resolución expresa, a prestación entenderase tacitamente prorrogada. Tres compoñentes:

1. Subsídio Básico: equivale ao 78,2% do IPREM =469,20 €.

2. Complemento Variable: fíxase en función do nº de membros da unidade de convivencia independente. Nunca o Subsídio Básico + Complemento Variable pode ser maior que o IPREM. No caso de percepción de ingresos irregulares, tómase como referencia a media dos obtidos os 12 meses anteriores á solicitude:

14,60% IPREM polo 1º membro adicional = 87,60€

12,50% IPREM polo 2º membro adicional = 75€

10,40% IPREM por cada un dos restantes membros = 62,40€

3. Tramo de Inserción. Ademais de reunir os requisitos xerais de acceso á RISGA e as condicións para incorporarse a un itinerario de formación-emprego, segundo o informe dos servizos sociais e o diagnóstico de empregabilidade terá que subscribir un convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade.

CÁLCULO DA CONTÍA:

Calcúlase esta contía sumando o subsidio básico máis o complemento variable en función do número de membros da unidade de convivencia. SUBSIDIO BÁSICO + COMPLEMENTO VARIABLE.

OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA:

► Destinar o importe da RISGA ao fin polo que se concede.

► Participar nas accións contidas no proxecto de inserción.

► Escolarizar menores ao seu cargo que estean en idade escolar obrigatoria.

► Non exercer a mendicidade, nin prostitución, nin inducir á practica de calquera delas a ningún membro da unidade de convivencia.

► Comunicar as variacións sobrevidas da situación.

► Inscribirse como demandante de emprego na correspondente oficina do servizo público de emprego.

► Cantas outras obrigas se deriven do obxecto e finalidade da RISGA.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

Consellería de Política Social e Xuventude (U.T.A: Unidade Técnica Administrativa de RISGA).

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia.

DECRETO 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.

Prestacións ortoprotésicas do SERGAS (produtos de apoio)

CONCEPTO:

A prestación ortoprotésica consiste no uso dos produtos sanitarios implantables ou non, que teñen como finalidade substituír total ou parcialmente unha estrutura corporal, ou ben modificar, corrixir ou facilitar a súa función.

Inclúe as seguintes prestacións:

- Quedan excluídos os implantes cirúrxicos, que se continuarán facilitando por parte dos hospitais.
- Próteses cirúrxicas fixas e a súa oportuna renovación.
- Próteses ortopédicas permanentes ou temporais (próteses externas) e a súa oportuna renovación.
- Vehículos para persoas con discapacidade para as que o seu tipo de discapacidade o aconselle.

BENEFICIOS:

- Reintegro total ou parcial dos gastos de adquisición de material.
- Renovación da prestación, se procede.
- Liberdade de elección do establecemento dispensador da prótese prescrita, segundo os criterios de planificación establecidos polo SERGAS.
- Posibilidade de acudir á Inspección Sanitaria no caso de desconformidade coa prestación.

PROCEDEMENTO:

Esta prestación será facilitada polos servizos de saúde ou dará lugar a axudas económicas, nos casos e de acordo coas normas que regulamentariamente fixen as administracións sanitarias competentes.

A prescrición será realizada polos facultativos especialistas e/ou polos médicos de atención primaria na materia correspondente á clínica que xustifique a prescrición e axustarase ao establecido no catálogo autorizado pola Administración Sanitaria, e a súa prestación seguirá o procedemento regulado tamén pola Administración Sanitaria.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Real Decreto 63/1995, do Ministerio de Sanidade e Consumo, do 20 de xaneiro, sobre a ordenación de prestacións sanitarias (BOE nº 35 do 10 de febreiro de 1995). Orde do 28 de maio de 2013, pola que se regula a prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma Galega.

Axudas individuais de accesibilidade para o emprego (Fundación ONCE)

ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS:

Todos aqueles proxectos cuxo fin sexa dotar á persoa beneficiaria do apoio técnico que, pola súa discapacidade, precise para a consecución ou o mantemento dun posto de traballo.

TIPO DE GASTO:

Gastos relativos á adquisición de produtos de apoio, audífonos, así como a adquisición / adaptación de vehículos, que se xustifiquen para a consecución dos fins do programa.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Fotocopia do D.N.I. de persoa solicitante.
- Copia do certificado de discapacidade.
- Fotocopia completa da Declaración da Renda das Persoas Físicas (IRPF) da unidade familiar do último exercicio ou certificado negativo emitido por Facenda en caso de non facela.
- Copia da solicitude presentada ante outras entidades ou administracións para axudas do mesmo fin no caso de telo feito.
- Formulario de autorización de cesión de datos persoais.
- Formulario de solicitude xeral para persoas físicas cumprimentado (Anexo II). Fotocopia do documento acreditativo no que se recoñeza oficialmente a condición de discapacidade

da persoa solicitante (mínimo 33%), é dicir, onde se reflicta o dictame técnico de discapacidade (no caso de que na unidade familiar figure outro membro con discapacidade, acreditar a correspondente copia de cada un deles).

- Fotocopia das dúas últimas nóminas. No caso de solicitudes para a adquisición de vehículos adaptados, fotocopia do carné de conducir.

- Orzamento ou factura do obxecto de solicitude.

- Salvo no caso de que os documentos aportados pola persoa solicitante sexan orixinais ou fotocopias compulsadas, a solicitante deberá remitir un certificado ou declaración xurada, debidamente asinada, na que se manifeste a autenticidade da documentación presentada.

CANDO E ONDE PRESENTAR:

Ata o 28 de xuño de 2024, as persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes a través do correo electrónico convocatoriaproyectos2024@gen.fundaciononce.es ou ben na sede de Fundación ONCE (Calle Sebastián Herrera, 15, 28012 Madrid).



IDADE DE XUBILACIÓN

3 IDADE DE XUBILACIÓN

Idade ordinaria de xubilación

O acceso á pensión de xubilación na modalidade contributiva dependerá da idade da persoa e das cotizacións acumuladas ao longo da súa vida laboral.

No requisito da idade existe un incremento progresivo ata 2027 que esixirá ter 67 anos con carácter xeral e/ou 65 anos cando se acrediten 38 anos e 6 meses de cotización. A cotización mínima para acceder á xubilación é de 15 anos.

Para xubilarse no ano 2024 co 100% da pensión será preciso ter a seguinte idade e anos cotizados:

- 65 anos. Período de cotización xeral: 38 anos ou superior.
- 66 anos e 6 meses. Período de cotización xeral inferior a 38 anos.

Cálculo de días cotizados para acceder á pensión de xubilación

Dende outubro de 2023, e aos efectos de cotización para pensións de xubilación, incapacidade permanente ou temporal, morte e supervivencia (viudedade e orfandade) e prestacións por nacemento e coidado do

menor, se contarán como días cotizados tanto os que se traballara a xornada completa como a xornada parcial independentemente das horas desta última. cotización.

Xubilación anticipada de persoas con discapacidade

Regúlanse actualmente os dous supostos no Artigo 206.bis da LXSS.

Hai que ter en conta que está prevista unha reforma do marco regulador actual sobre a xubilación de persoas con discapacidade. (Disposición Adicional 4ª Lei 21/2021, de 29 de decembro).

Suposto 1: Persoas traballadoras que acreditan grao de discapacidade igual ou superior ao 65%

A partir do 01-01-04 a idade ordinaria de xubilación pode ser reducida así como o cómputo a efectos de cotización.

REQUISITOS:

> Persoas traballadoras por conta allea incluídas no réxime xeral e réxime especial agrario; no réxime de persoas traballadoras do mar; persoas traballadoras da minería do carbón.

> Que realicen actividade retribuída e acrediten un grao igual ou superior de discapacidade do 65% durante a mesma.

> Período de cotización: período mínimo de traballo efectivo de polo menos 15 anos (5.475 días) e un período de cotización específico de 2 anos comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ao momento de causar dereito ou á data en que cesou a obriga de cotizar, se accede á pensión de xubilación dende unha situación de alta ou asimilada, sen obriga de cotizar.

> Feito causante: depende da situación da que acceda á pensión (o día do cese na actividade laboral se a persoa está de alta na seguridade social; o día da presentación da solicitude nas situacións asimiladas a de alta agás excedencia forzosa ou traslado fóra do territorio nacional; no caso das situacións de non alta o día de presentación da solicitude).

EN QUE CONSISTE?:

Na redución da idade de xubilación para acceder á pensión de xubilación, que será dun período equivalente ao que resulte de aplicar ao tempo efectivamente traballado uns coeficientes, que varían segundo a discapacidade acreditada:

- Grao discapacidade igual ou superior ao 65%: Coeficiente 0,25%.
- Grao discapacidade igual ou superior ao 65% e acreditación necesidade de 3ª persoa: Coeficiente 0,50%.

IDADE MÍNIMA DE ACCESO:

A aplicación dos correspondentes coeficientes redutores da idade non pode dar lugar a que a persoa acceda á pensión de xubilación antes dos 52 anos de idade.

Esta limitación non afectará ás persoas traballadoras dos Réximes Especiais (minería do carbón e persoas traballadoras do mar) que en 01-01-08 tivesen recoñecidos coeficientes redutores da idade de xubilación, aos que se aplicará a normativa anterior.

CONSIDERACIÓNS:

Dende o 1 de xaneiro de 2008, os coeficientes redutores non se terán en conta:

- A efectos de acreditar a idade esixida para acceder á xubilación parcial (agás que, por dereito transitorio, se aplique a lexislación anterior ao 01/01/08), á xubilación anticipada coa condición de mutualista e a calquera outra modalidade de xubilación anticipada.
- Nin tampouco para xerar a porcentaxe adicional establecida para quen se xubila con máis de 65 anos.

CÁLCULO DA PENSIÓN

O período de tempo en que resulte reducida a idade de xubilación da persoa traballadora computarase como cotizado ao exclusivo efecto de determinar a porcentaxe aplicable para calcular o importe da pensión de xubilación.

EFFECTOS DOS COEFICIENTES NA XUBILACIÓN NOUTROS RÉXIMES

Tanto a redución da idade como o cómputo, a efectos de cotización do tempo no que resulte reducida aquela, serán de aplicación aínda que a pensión se cause en calquera outro réxime da Seguridade Social.

ACCESO Á XUBILACIÓN ANTICIPADA MUTUALISTAS

- As persoas traballadoras cunha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65% que, por teren a condición de mutualista en calquera mutualidade de persoas traballadoras por conta allea no día 1/1/1967 ou noutra data anterior, teñan dereito, de acordo co establecido na disposición transitoria terceira.1.2ª do texto refundido da LXSS, a causar a pensión de xubilación a partir dos 60 anos, seranlles de aplicación os coeficientes establecidos do 0,25 ao 0,50, aos efectos de determinar o coeficiente redutor da contía da pensión de xubilación que corresponda en cada caso, e terase en conta,

a todos os demais efectos, a idade real da persoa traballadora.

- As referencias contidas a 1 de xaneiro de 1967 entenderanse realizadas á data que se determine nas súas respectivas reguladoras, respecto dos réximes ou colectivos que contemplan outra data distinta, en orde da posibilidade de anticipar a idade de xubilación.

- Igual regra será de aplicación ás persoas traballadoras cunha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65% que desexen xubilarse anticipadamente, de acordo co previsto no art. 206 da LXSS (por razón da actividade).

Suposto 2: Persoas traballadoras que acreditan grao de discapacidade igual ou superior ao 45%

Poderá reducirse a idade ordinaria, no caso de persoas traballadoras cun grao de discapacidade igual ou superior ao 45%, sempre que se trate de discapacidades incluídas no anexo do Real Decreto 1851/2009, nas que concorran evidencias que determinen de forma xeralizada e apreciable unha redución da esperanza de vida desas persoas.

O período de tempo en que resulte reducida a idade de xubilación, computarase como cotizado ao exclusivo efecto de determinar a porcentaxe aplicable á correspondente base reguladora para calcular o importe da pensión de xubilación.

DEREITO DE OPCIÓN

As persoas con discapacidade que reúnan as condicións para acceder a este suposto ou ao anterior suposto de anticipación da idade de xubilación, poderán optar pola aplicación do que lles resulte máis favorable.

REQUISITOS:

> Persoas traballadoras por conta allea ou persoas traballadoras por conta propia incluídas en calquera dos réximes da Seguridade Social.

> Dadas de alta ou situación asimilada á alta na data do feito causante.

> Ter cotizados 15 anos durante os cales se padecera a patoloxía que da orixe á discapacidade do anexo.

> Que dentro de ese período, e ó menos durante cinco anos se cotizara con un grao de discapacidade igual ou superior ó 45%.

IDADE MÍNIMA DE ACCESO:

56 anos.

DISCAPACIDADES QUE PERMITEN O ACCESO A ESTA REDUCIÓN:

As discapacidades nas que concorren evidencias que determinan de forma xeralizada e apreciable unha redución da esperanza de vida e que poderán dar lugar á anticipación da idade de xubilación, son as que se recollen no ANEXO do Real decreto 1851/2009, que a data de hoxe son:

- **Discapacidade intelectual** (antes retraso mental).
- **Parálise cerebral.**
- **Anomalías xenéticas** (Síndrome Down, Síndrome Prader Willi, Síndrome X Fráxil, Osteoxénese Imperfecta, Acondroplasia, Fibrose Quística, Enfermidade de Wilson).
- **Trastornos do Espectro Autista.**
- **Anomalías conxénitas secundarias á Talidomida.**
-
- **Secuelas de Polio ou síndrome postpolio.**

- **Dano cerebral adquirido (traumatismo cráneo encefálico, secuelas de tumores do SNC, infeccións ou intoxicacións);**
- **Enfermidade mental (esquizofrenia, trastorno bipolar);**
- **Enfermidade neurolóxica**, Esclerose Lateral Amiotrófica, Esclerose Múltiple, Leucodistrofias, Síndrome de Tourette e Lesión medular traumática.

CÓMPUTO DO TEMPO TRABALLADO

A efectos da aplicación deste suposto, descontaranse todas as ausencias ao traballo, agás as seguintes:

- As que teñan por motivo a baixa médica por enfermidade común ou profesional ou accidente, sexa ou non de traballo.
- As que teñan por motivo a suspensión do contrato de traballo por maternidade, paternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.
- As ausencias do traballo con dereito a retribución.

CÁLCULO DA PENSIÓN:

O período de tempo en que resulte reducida a idade de xubilación do/a traballador/a como cotizado ao exclusivo efecto de determinar a porcentaxe aplicable á correspondente base reguladora para calcular o importe da pensión de xubilación.

NORMATIVA DE REFERENCIA.

- Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.
- Real Decreto 1851/2009, do 4 de decembro, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, en canto á anticipación da xubilación das persoas traballadoras con discapacidade en grao igual ou superior ao 45 por cento
- Real Decreto 370/2023, do 16 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 1851/2009, do 4 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 161.bis da Lei Xeral da Seguridade Social en canto á anticipación da xubilación dos traballadores con discapacidade en grao igual ou superior ao 45 por cento

- Real Decreto-ley 2/2023, de 16 de marzo, de medidas urgentes para la ampliación de derechos de los pensionistas, la reducción de la brecha de género y el establecimiento de un nuevo marco de sostenibilidad del sistema público de pensiones.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL

Enlace: <https://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/Trabajadores/PrestacionesPensionesTrabajadores/10963/28393/1712>



PROGRAMAS

4 PROGRAMAS

Programa de ACOLLEMENTO FAMILIAR a persoas con discapacidade

CONCEPTO:

Axudas económicas para persoas con discapacidade que desexen integrarse no programa de Acollemento Familiar.

A finalidade deste programa é procurar o mantemento da persoa con discapacidade no seu medio social habitual facilitando a súa integración e evitando o internamento en institucións cando este non sexa axeitado ou desexado.

REQUISITOS SOLICITANTE:

- Nacionalidade española ou cidadanía dalgún dos estados membro da Unión Europea, co padrón e residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Non ter relación de parentesco en liña recta en ningún grao ou en liña colateral por consanguinidade ata o terceiro grao con ningún membro da familia acollidora.

*No caso de que a persoa acollida sexa dependente, poderá formalizarse o

acollemento en liña recta por afinidade, salvo que na unidade de acollida existan outros familiares da persoa acollida en liña recta consanguínea que sexan maiores de idade e estean obrigados legalmente a prestarlles alimentos.

- Ser maior de idade.

- Ter un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.

REQUISITOS FAMILIA ACOLLEDORA:

- Nacionalidade española ou cidadanía dalgún dos estados membro da Unión Europea, ter o padrón e residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Que polo menos un dos acolletores sexa maior de idade e non supere os 65 anos no momento de formular a solicitude, goce de boa saúde e non padeza de limitacións físicas ou mentais que lle impidan atender as tarefas domésticas normais.

- Ausencia de ánimo de lucro no que respecta ao programa de acollemento.

- Cada familia non poderá acoller a máis de dous beneficiarios/as.

- Non poderá existir con anterioridade ao acollemento testamento ou transmisións de bens ou dereitos a título gratuito.

- Non ter a condición de titor/a legal da persoa acollida.

REQUISITOS VIVENDA:

O acollemento poderá levarse a cabo tanto na

vivenda da persoa acollidora como da acollida. Nos dous casos, tanto a persoa acollidora como a acollida deberán convivir na mesma vivenda, que ten que ser:

- De fácil acceso.

- Estar dotada de suficientes condicións hixiénicas e de salubridade.

- Carecer de barreiras que impidan o acceso e normal desenvolvemento da vida diaria da persoa acollida de acordo coas súas características persoais.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Decreto 318/2003, do 26 de xuño, polo que se regula o programa de acollemento familiar para persoas maiores e persoas con discapacidade (DOG nº 145 do 29 de xullo de 2003).

Orde do 8 de xaneiro do 2004, pola que se convocan axudas económicas para o acollemento familiar de persoas maiores e persoas con discapacidade (DOG nº 15 do 23 de xaneiro de 2004).

Contía (máximo subvencionable)

	Acollemento na vivenda da persoa acollidora	Acollemento na vivenda da persoa acollida (40% menos)
Grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, que non lles impidan realizar as actividades de vida diaria.	421 €/mes	252,60 €/mes
Grao de discapacidade igual ou superior ao 75% con necesidade de axuda de 3ª persoa.	700 €/mes	420 €/mes

A contía máxima mensual subvencionable será a diferenza resultante entre os importes máximos establecidos e a achega da persoa beneficiaria (60% dos seus ingresos mensuais líquidos, excluídas as pagas extraordinarias das pensións).

Programa de RESPIRO FAMILIAR

PARA COIDADORAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA:

Poderán ser beneficiarias da subvención aquelas persoas coidadoras habituais non profesionais que atendan de forma continuada a unha ou máis persoas dependentes ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

1. Para que a persoa coidadora sexa beneficiaria da subvención é necesario que concorran os seguintes requisitos:

- Que a persoa coidadora solicitante da subvención ou a persoa ou persoas que vaia atender sexan residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que a persoa que se vai atender se encontre nalgunha das seguintes situacións:
 - Discapacidade física, psíquica ou mental con necesidade de axuda de terceiras persoas para as actividades da vida diaria, e ter recoñecida polo organismo competente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 75 %.
 - Ter recoñecida a situación de dependencia polo organismo competente no grao II ou III.
 - Que a persoa que se vai atender, no caso

de non encontrarse nas situacións enumeradas nos ordinais anteriores, presente unha situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

2. Ademais, as persoas coidadoras, para seren beneficiarias da subvención, teñen que cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

PARA FAMILIAS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL:

É un servizo que ofrece FADEMGA Plena Inclusión Galicia dirixido aos familiares-coidadores a través do cal se ocupan temporalmente da atención da persoa con discapacidade.

Actualmente existen 3 modalidades:

- Estancias longas, medias ou de fin de semana en quendas programadas. Existen varias quendas ao longo do ano e realízanse en instalacións comunitarias.
- Estancias sen aloxamento. Esta modalidade ofrécena cando a Federación organiza unha actividade dirixida ás familias. A atención préstase durante as horas que dura a actividade (por exemplo durante os encontros ou xornadas de familias).
- Apoios puntuais (canguraxe). A atención realízase no domicilio familiar ou no hospital.

ORGANISMOS DE REFERENCIA:

Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude da provincia.

FADEMGA: 981519650

(<https://fademga.plenainclusiongalicia.org/gl/>).

Programa de AXUDA NO FOGAR

CONCEPTO:

O servizo de axuda no fogar presta un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar; facilitando así o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual. Son obxectivos do SAF:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas na súa contorna de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar a institucionalización.
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

PERSOAS DESTINATARIAS:

O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e a persoas con discapacidade especialmente cando carezan de apoio persoal na súa contorna inmediata, así como a fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativa. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia (SAAD). Sen prexuízo dos criterios de carácter xeral establecidos nesta orde, as ordenanzas municipais reguladoras do servizo establecerán os sistemas de acceso por libre concorrencia ao servizo de axuda no fogar, en tanto que prestación básica do sistema de servizos sociais, para situacións diferentes á contemplada no parágrafo anterior.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude.

TIPOS DE ATENCIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

► ATENCIÓN DE CARÁCTER BÁSICO:

- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria e doutras.
- Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á mellora da estrutura familiar.
- Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria en trámites urxentes e seguimento de intervencións de sistema sanitario.

► ATENCIÓNS COMPLEMENTARIAS:

- Actividades de acompañamento, socialización, e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- Adaptacións funcionais do fogar.
- Servizo de podoloxía.
- Servizo de fisioterapia.
- Terapia ocupacional.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que

non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo do servizo, recollido no artigo 12 da orde do 22 de xaneiro de 2009.

- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Programa de XANTAR NA CASA

CONCEPTO:

Servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou en estado de dependencia, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

Os xantares entregaranse ás persoas beneficiarias nun único día á semana, no seu domicilio en sete bandexas diferentes co xantar para cada día da semana durante o período en que se atopen de alta no servizo.

REQUISITOS:

- Ter o padrón e residencia no concello.
- Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidera suplir tal situación.

- Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do concello.

- Persoas en situación de dependencia, que carezan de apoio familiar e requiren de axuda para a preparación de alimentos.

LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDE:

Lugar: Servizos Sociais do Concello de referencia.

Prazo: todo o ano.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 22 do 2/02/2009). Ordenanzas reguladoras municipais do S.A.F. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu fi nanciamento, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

Consellería de Política Social e Xuventude.

Programa de TERMALISMO SOCIAL (IMSERSO)

CONCEPTO:

Servizo complementario ás prestacións do Sistema de Seguridade Social, que ten por obxecto facilitar a asistencia que se presta nos balnearios ás persoas que a precisen por prescrición facultativa.

REQUISITOS:

1. Persoas residentes es España:

a) Ser pensionista do Sistema da Seguridade Social español polos conceptos de xubilación ou incapacidade permanente do sistema SS español.

b) Ser pensionista de viuvez con 45 ou máis anos de idade polo sistema de SS español.

c) Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 ou máis anos de idade do sistema de SS español.

d) Ser persoa asegurada ou beneficiaria do sistema da SS español, con 65 ou máis anos de idade.

2. As persoas usuarias de praza deben reunir os seguintes requisitos:

a) Poder valerse por si para realizar as actividades básicas da vida diaria (ABVD).

b) Necesitar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.

c) Acadar, de conformidade coa baremación establecida, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

3. Igualmente, poderán participar nos programas as persoas de nacionalidade española que residan no estranxeiro, sempre que perciban unha pensión do Sistema de Seguridade Social español e contén coa idade esixida no punto primeiro, ou sexan persoas aseguradas ou beneficiarias do Sistema da Seguridade Social español, con idade igual ou superior a 65 anos, de acordo co previsto no artigo 3.1.d)) e, en todos os supostos, reúnan o resto dos requisitos esixidos no punto 3.2.

4. Tamén poderán ser persoas adxudicatarias das prazas, como acompañante, o cónxuxe ou, no seu caso, a parella de feito ou persoa coa que se constitúe unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal, sen necesidade de que estes reúnan algún dos requisitos esixidos no punto 3.1. e, en todo caso, cumprindo os requisitos previstos no punto 3.2.a)

Tamén poderán ser persoas adxudicatarias de praza, os/as fillos/as con discapacidade, en grao igual ou superior ao 45 por cento, sempre que a quenda sexa a mesma dos seus pais e se aloxen na mesma habitación.

5. Os requisitos establecidos no punto 3.2. acreditaranse ao Imserso na propia solicitude mediante declaración responsable da persoa solicitante.

6. En todo caso, a concesión de prazas por parte do Imserso estará condicionada á dispoñibilidade das mesmas nos establecementos termais.

Información: web IMSERSO e Teléfono: 912667713 tempada 2024.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Orde SSI/1688/2015, de 30 de xullo, pola que

se regula o Programa de Termalismo do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.

Resolución de 27 de novembro de 2023, do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, pola que se convocan prazas para pensionistas que desexen participar no Programa de Termalismo.

ORGANISMO DE REFERENCIA: IMSERSO Programa de lecer da Xunta de Galicia: CAMPAMENTOS DE VERÁN específicos para persoas con discapacidade

REQUISITOS:

- Ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33% e unha idade comprendida entre os 11 e os 50 anos. É preciso ter cumprida a idade mínima ao inicio da quenda e non superar a idade máxima á súa finalización.
- Estar empadroad/a nalgún concello de Galicia.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que se solicita.
- Non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.

Teléfono Social gratuito para información xeral: 900 333 666. Información sobre a xestión dos campamentos, envío de documentación, valoración de solicitudes e concesión de prazas:

Tlf: 981 547 399 / 981 544 640 / 900 333 666

Email: programas.discapacidade@xunta.gal

Web:

<https://politicassocial.xunta.gal/es/recursos/planes-y-programas/>

Entidades con programas de lecer



www.cocemfe.es / 914 13 80 01 / turismoinclusivo@cocemfe.es

Programa de vacacións IMSERSO - COCEMFE dirixido a:

- Persoas que acrediten un grao de discapacidade física ou orgánica igual ou superior ao 33%, tendo prioridade aquelas persoas con discapacidade que superen o 50% e menos recursos económicos.
- Ser maior de 16 anos. Autorización do pai, nai ou titor no caso de menores.
- Poden asistir con carácter excepcional os/as fillos/as das persoas beneficiarias menores de 16 anos, sempre que se xustifique a imposibilidade de poder viaxar sen a súa compañía.
- A persoa acompañante (persoa sen discapacidade) participará acompañando á persoa con discapacidade beneficiaria.

< FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE >

www.fundacionmariajosejove.org / 981 160 265
info@fundacionmariajosejove.org

Programa ESFUERZA verán e inverno:

Promove a actividade física saudable entre as persoas con discapacidade, ofertando actividades no medio natural (vela inclusiva, piragüismo inclusivo, senderismo inclusivo, pesca viva, acondicionamento físico e axuda na praia).

Este programa ofrece a posibilidade da práctica continuada da actividade física e favorece o desenvolvemento da autonomía persoal. Conta cunha edición de inverno e outra de verán, cunha oferta de actividades adaptada á estación.

Colección de arte accesible:

A Fundación conta con obras adaptadas á técnica Didu (textura e relieve), entre outros programas de arte adaptados

Outros programas con colectivos

específicos: ademais conta con outros programas ao longo do ano, como os obradoiros artísticos inclusivos ou ioga en familia

<https://www.fundacionmariajosejove.org/secciones/programas-fundacion/>

< COGAMI >

www.cogami.gal / 981 574 698

Proxecto GAVEA: Pretende achegar actividades náutico deportivas ás persoas con discapacidade a través de bautismos de mar a bordo do veleiro Laion e escolas de vela lixeira adaptadas ás persoas con discapacidade (tempada estival).

Mediante estas actividades trátase de derribar as barreiras que impiden que as persoas con discapacidade poidan participar máis activamente en actividades náuticas.



◀ **OUTRAS ENTIDADES** ▶ **DE INTERESE**

Real Club Náutico de A Coruña: ten un programa de Vela Adaptada co apoio da Fundación Emalcsa.

Tenis Marineda: escola de tenis en A Coruña cun programa adaptado para persoas con discapacidade.
www.tenismarineda.net

Federación Galega de Deporte Adaptado: Federación específica de deporte adaptado.
www.fgda.gal / info@fgda.gal

Fundacion Abrente: inclusión das persoas con discapacidade a través da práctica deportiva non competitiva.
Contan cunha oferta de campamentos inclusivos para menores, e organizan cada ano a Carreira de Obstáculos pola Inclusión dentro do Proxecto Enki
<https://www.enkiproyecto.com>
info@enkiproyecto.com
881243819 / 881 243 819

Centro Xuvenil Don Bosco: Rugby mixto inclusivo para maiores de 16 en Santiago de Compostela.
tuxeleiresrugby@gmail.com



Programa de Atención Temperá

CONCEPTO:

Intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e contorna, que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. Dende os servizos de atención temperá ofrecerase unha intervención biopsicosocial que favoreza a adquisición ou a recuperación de funcións e de habilidades persoais e sociais para a mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e da inclusión social.

OBXECTO:

A Rede Galega de Atención Temperá regula a actuación integral en atención temperá dos órganos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, delimita as competencias de cada un dos órganos e entidades no seu ámbito de actuación (sanitario, educativo e de servizos sociais), así como os mecanismos de coordinación entre eles, a través da creación dos órganos colexiados da Rede, e a definición do catálogo de servizos específicos de apoio en atención temperá.

PERSOAS DESTINATARIAS:

Nenas e nenos de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en situacións de risco de padecelos, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as súas familias e contorna.

A atención estenderase ata a data da finalización do curso escolar cando o cumprimento da idade de 6 anos sexa anterior a esta.

CATÁLOGO DE SERVIZOS:

O catálogo de servizos específicos de atención temperá constitúe o conxunto de actuacións, prestacións, recursos, tratamentos, axudas e demais medios de atención dirixidas a nenas e nenos, familias e á súa contorna, para a consecución das finalidades e obxectivos establecidos no decreto, de acordo co plan personalizado de intervención, e incluírá, ao menos, as seguintes actuacións de carácter axial, que deberán prestarse dun xeito integrado a través dun dispositivo interdisciplinario.

a) De prevención, acollida, observación, valoración e diagnóstico da persoa menor e de información, orientación, asesoramento e apoio ás familias e aos recursos da contorna, en relación ao itinerario e circunstancias evolutivas das nenas e nenos de 0 a 6 anos.

b) De estimulación e apoio emocional, social, sanitario e educativo para o desenvolvemento

activo da autonomía persoal da nena ou neno e a súa inclusión familiar, escolar e social, tendo sempre en conta as súas necesidades e prioridades evolutivas.

Mantense a adscrición ao Servizo Galego de Saúde (Sergas) dos recursos destinados ás unidades de atención temperá actualmente existentes nos complexos hospitalarios.

ORGANISMO:

Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde.

Normativa: Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de atención temperá.

Programa de Atención Odontolóxica

CONCEPTO:

Dirixido a pacientes que presenten discapacidade intelectual e/ou discapacidade física importante (tetraplexias, parálise cerebral, etc). As persoas susceptibles de tratamento baixo anestesia local ou sedación consciente, trataranse na Unidade de Pacientes Especiais da Facultade de Medicina e Odontoloxía.

Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC
Rúa Entreríos s/n
1º Andar
15782 – Santiago de Compostela

Tel. 881 812 344
pacientes.especiales@hotmail.com

DERIVACIÓN:

O acceso a este programa realízase sempre a través dun especialista en odontoloxía de Atención Primaria. Despois da primeira consulta, e cando a intervención supere as posibilidades deste nivel, poderase derivar coa seguinte información:

-Informe odontolóxico, xustificando a necesidade da intervención na Unidade Especializada.

-Radiografía panorámica oral.

-Informe médico detallado da/o pediatra ou médica/o que habitualmente atende ás persoas.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

Sección de Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.



FAMILIA NUMEROSA

5 FAMILIA NUMEROSA

CONCEPTO:

Para o recoñecemento da condición de familia numerosa deben cumprirse algún dos seguintes supostos:

- Unidade familiar formada por unha ou dúas persoas ascendentes e tres ou máis fillas ou fillos, sexan ou non comúns aos dous ascendentes.
- Unidade familiar con dous fillos/as, cando un deles teña unha discapacidade ou se atope incapacitado/a para traballar.
- Unidade familiar con dous fillos/as, cando ambos os ascendentes teñan unha discapacidade ou se atopen incapacitados/as para traballar ou, como mínimo, unha delas teña un grao de discapacidade igual o superior ao 65%.
- Tres ou máis irmáns orfos de nai e pai ou dous maiores de 18 anos, se un deles ten unha discapacidade, conviven e teñen unha dependencia económica entre eles.
- Dous irmáns orfos de nai e pai sometidos a tutela, acollemento ou garda, que convivan coa persoa titora, acollidora ou gardadora pero non ás súas expensas.
- Nai ou pai separado/a ou divorciado/a con tres ou máis fillas e/ou fillos sexan ou non comúns, aínda que pertenzan a distintas unidades familiares, sempre que se atopen baixo a súa dependencia económica aínda que non convivan no domicilio conxugal (No caso de que non existira o acordo das persoas proxenitoras sobre as fillas e/ou fillos que se deban considerar na unidade familiar terase en conta o criterio da convivencia).

- Nai ou pai con dous fillos ou fillas cando falecera a outra persoa proxenitora.

As fillas e fillos deberán cumprir as seguintes condicións:

- Ser solteiras ou solteiros e menores de 21 anos, a non ser que teñan unha discapacidade ou se atopen incapacitados/as para traballar. A idade poderase ampliar ata 25 anos se cursan estudos axeitados á súa idade e titulación ou encamiñados á obtención dun posto de traballo.
- Convivir coa persoa ou persoas ascendentes.
- Dependere economicamente da persoa ou persoas ascendentes. Entenderase que teñen dependencia económica cando, no caso de ter ingresos, estes non sexan superiores no cómputo anual ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, salvo que percibise pensión non contributiva por invalidez (en cuxo caso non operará tal límite), ou contribúa ao sustento da familia nos supostos establecidos na lei.

As persoas integrantes da unidade familiar deberán:

- Ser españolas o nacionais dun estado membro da Unión Europea ou dalgún dos restantes estados que formen parte do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.
- Ter a súa residencia en territorio español ou, de tela noutro estado membro da Unión Europea ou que sexa parte do acordo sobre o Espazo Económico Europeo e que, como mínimo, unha das persoas ascendentes da unidade familiar exerza unha actividade por conta allea ou por conta propia en España.

As persoas nacionais doutros países terán dereito ao recoñecemento de familia numerosa sempre que os membros beneficiarios residan en España nos termos establecidos na Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, de 22 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento.

OBRIGAS:

As persoas que formen parte das unidades familiares ás que se lles recoñecera o título de familia numerosa están obrigadas a comunicar á Administración competente, no prazo máximo de tres meses, calquera variación que se produza na súa familia, sempre que estas deban ser tidas en conta a efectos da modificación ou extinción do dereito a tal título. Dentro do primeiro trimestre de cada ano, están obrigadas a presentar unha declaración expresiva dos ingresos da unidade familiar existentes durante o ano anterior, excepto cando xa obren en poder da Administración, sempre que estes se tiveran en conta para a consideración da familia como numerosa, para a súa clasificación na categoría especial ou para acreditar o requisito de dependencia económica.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

Consellería de Política Social e Xuventude.
<https://politicassocial.xunta.gal/es/areas/familia-e-infancia/familias-numerosas>

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección á familia numerosa (BOE nº277, de 19 de novembro de 2003). Lei 26/2015, de 29 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Carné familiar galego

QUE É?

O carné familiar é unha tarxeta persoal e intransferible á disposición dos membros das familias numerosas que lles permite obter vantaxes ou descontos nos establecementos colaboradores neste programa.

Pódese beneficiar deste carné calquera membro dunha familia numerosa de Galicia que, cumprindo os requisitos necesarios para estar incluídos dentro do título oficial de familia numerosa, soliciten a expedición do carné familiar.

REQUISITOS

- Formar parte dunha familia numerosa.
- Cubrir o impreso de solicitude do Carné familiar.

BENEFICIOS

Os titulares do carné familiar terán dereito a:

- Beneficiarse das vantaxes e descontos das entidades que colaboran.
- Un exemplar da Guía de Recursos e Servizos por unidade familiar, que se entregará de balde.

Cómpre salientar que calquera titular do carné familiar deberá identificarse, se a entidade colaboradora o solicita, mediante a presentación do DNI e, no caso dos menores, co título de familia numerosa ou fotocopia compulsada

COMO SE SOLICITA?

Tanto para solicitar o Carné familiar como para renovalo debe cumprimentar o respectivo formulario e envialo escaneado por correo electrónico a **carnefamiliargalego@xunta.gal**

Poderá atopar os formularios no enlace:

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/areas/familia-e-infancia/familias-numerosas/carne-familiar>

Para dúbidas ou sexestións contactar no teléfono 981 957 027.

VALIDEZ

O Carné familiar ten a mesma vixencia que o título de familia numerosa.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

Consellería Política Social e Xuventude.

The background image shows a paved surface with several blue handicapped parking symbols. One large symbol is in the foreground, and another is partially visible in the top left. A drainage grate is located in the upper middle section. Blue rectangular markings are visible along the bottom left edge. A white rectangular box with a dark red border is positioned in the center-right of the image.

SERVIZOS

6 SERVICIOS



TELEASISTENCIA

QUE É?

Para solicitar o servizo é necesario iniciar expediente de valoración de dependencia. Segundo establece a normativa vixente garantírase o dereito subxectivo para a atención das persoas en situación de dependencia.

Pese a iso, logo de ter garantida a atención ás persoas que se atopan na situación anterior e sempre que haxa dispositivos de teleasistencia dispoñibles, tamén poderán

acceder a este servizo aquelas persoas que na solicitude de recoñecemento de dependencia sinalen como expectativa o servizo de teleasistencia e que non lles fora recoñecido grao de dependencia.

No contrato asinado coa Cruz Vermella para a prestación do servizo de teleasistencia e co fin de facilitar o acceso ao servizo ás persoas que carezan de telefonía fixa ou que teñan un sistema incompatible coa teleasistencia convencional, proporcionase o acceso mediante un terminal dotado de tarxeta GSM que non terá custo engadido para o/a usuario/a.

Teleasistencia Avanzada:

O servizo de teleasistencia avanzada poderá asignarse como prestación complementaria para persoas en situación de dependencia recoñecida en grao I, II ou III, e soamente como prestación única a persoas que teñan recoñecido un grao I de dependencia moderada.

Polo tanto, no caso de revisión de grao das persoas con dependencia recoñecida en grao I que teñen o servizo asignado como prestación única, cando se lles recoñeza o grao II ou III, poderase dar continuidade ao servizo, como un servizo complementario das prestacións destes graos, en función da avaliación do equipo de valoración técnica que será quen determine a adecuación do devandito servizo, en función de requirimentos físicos e psíquicos necesarios para o seu uso.

Compatibilidade con outros servizos e libranzas:

O servizo de teleasistencia será compatible con todos os servizos ou libranzas a excepción do servizo de atención residencial ou da libranza vinculada á adquisición dun servizo de atención residencial.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Orde do 2 de xaneiro de 2012, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº 9, do 13 /01/2012).

ORDEN do 19 de abril de 2013 pola que se modifica a Orden do 2 de xaneiro do 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do sistema para a autonomía e a atención a dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

A solicitude pode tramitarse nos servizos sociais do concello de residencia ou centro de saúde. Máis información no Teléfono Social (gratuito as 24 horas do día): 900 333 666.



SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL (065)

QUE É?

Servizo de transporte adaptado programado e non urxente para a prestación de servizos puntuais para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia que teñan recoñecida a dificultade de mobilidade para utilizar transportes colectivos.

PARA QUE SERVE?

Pon a disposición das persoas con discapacidade un transporte axeitado para facilitarlles a súa mobilidade.

Favorece o acceso en condicións de igualdade efectiva aos servizos e recursos que faciliten a promoción da súa autonomía persoal así como a súa participación na contorna habitual.

REQUISITOS:

Ter recoñecida a dificultade de mobilidade para utilizar transportes colectivos, motivada pola situación de dependencia ou discapacidade.
Ter recoñecida a situación de dependencia en calquera dos seus graos conforme a normativa que sexa de aplicación ou ter recoñecido, conforme a normativa aplicable, un grao de discapacidade igual ou superior ao 75%.
Excepcionalmente, poderán obter a condición de persoa usuaria aquelas que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e inferior ao 75%, sempre que se acredite a concorrencia de circunstancias que aconsellen o uso de transporte adaptado e así conste no informe social unificado.

O acceso ás prestacións do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal estará condicionado a que as necesidades de transporte non poidan ser cubertas de xeito satisfactorio polo medios convencionais de transporte colectivo de uso xeral, unha vez que se incorporen a estes os sistemas de adaptación precisos.

Ás persoas que con anterioridade á entrada en vigor deste decreto teñan recoñecida a condición de usuarias, non lles serán de aplicación os anteriores requisitos.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Decreto 99/2014 do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia (DOG nº 149 do 7 de agosto de 2014).

ORGANISMO DE REFERENCIA:

Consellería de Política Social e Xuventude.



TARXETA DOURADA DE RENFE

QUE É?

Tarxeta que ofrece descontos para viaxes en AVE e longa distancia, en trens AVANT e trens de media distancia.

PERSOAS BENEFICIARIAS

- Persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Pensionista maior de 18 anos en situación de incapacidade permanente.
- As persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% poderán viaxar cun acompañante que o fará nas mesmas condicións económicas que a persoa titular.

- Ser pensionista maior de 18 anos en situación de incapacidade permanente.
- Estranxeiros/as residentes en España que reúnan as condicións dos apartados anteriores e empadroados/as hai máis de 6 meses.

DESCONTOS:

En trens AVE e Longa Distancia:

- Desconto do 25% sobre calquera prezo dispoñible.

En trens AVANT:

- De luns a venres: 25% de desconto.
- Sábados e domingos: 40% de desconto.

En trens de Media Distancia:

Dende o 40% de desconto.

ONDE CONSEGUIA:

A Tarxeta Dourada nominativa e intransferible, dá acceso a descontos nas viaxes e ten un prezo de 6 € validez de un ano, 12 € validez de dous anos, 13 € validez de tres anos. Pode comprarse nas taquillas das estacións ou en axencias de viaxe, presentando o certificado, a tarxeta de discapacidade ou documentación acreditativa.

Se se acredita unha discapacidade igual ou superior ao 65% pódese viaxar cun acompañante que o fará nas mesmas condicións económicas que a persoa titular da tarxeta.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

RENFE

INFORMACIÓN RELACIONADA:

<https://www.renfe.com/es/es/viajar/prepara-tu-viaje/descuentos/personas-con-discapacidad>

Para o servizo ATENDO (accesibilidade nos transbordos): 912 140 505.

ADIF ACERCA

Servizo gratuíto de atención e asistencia a persoas con discapacidade ou mobilidade reducida onde informan, orientan e asisten no acceso, tránsito polas estacións, así como na subida e baixada dos trens.

Hai dúas modalidades do servizo de asistencia:

- Estacións con servizo permanente con solicitude hasta 30 minutos antes da saída do tren.
- Estacións con servizo puntual con solicitude hasta 12 horas antes da saída do tren.

Mais información:

<https://www.renfe.com/es/es/viajar/informacion-util/servicio-de-asistencia/que-es>



TARXETA DE ACCESIBILIDADE

QUE É?

Tarxeta de persoas usuarias, acreditativa da situación das persoas con mobilidade reducida, que se concede con carácter persoal e intransferible, de cara a favorecer o uso dos transportes públicos.

PARA QUE SERVE?

Persoas con mobilidade reducida, segundo o baremo establecido no Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro (Norma derogada, con efectos dende o 20 de abril de 2023, pola disposición derogatoria única do Real Decreto 888/2022, de 18 de outubro). En procedemento para o recoñecemento

de declaración e a cualificación do grao de discapacidade.

Que teñan recoñecida unha discapacidade visual que implique un grao das limitacións na actividade igual ou superior ao 75%.

VALIDEZ:

As tarxetas de accesibilidade terán validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

En caso de cambio de domicilio da persoa beneficiaria, deberase solicitar o traslado do expediente ao novo municipio de residencia.

ACCESO:

Os concellos terán que aprobar normativas que garantan e que favorezan a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida, e que, con respecto ás persoas titulares de tarxetas, serán, como mínimo, as seguintes:

- a) Reserva de prazas nos transportes públicos.
- b) Condicións para a bonificación nas tarifas dos transportes de competencia municipal para as persoas que dispoñan da tarxeta de accesibilidade.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

BONO BUS

QUE É?

Servizo con descontos ou gratuíto (segundo o concello de residencia) para viaxes en transportes públicos que ofertan algúns concellos ás persoas con discapacidade.

REQUISITOS:

Variables segundo o concello correspondente.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

O Concello correspondente onde a persoa estea empadroada.

AENA SEN BARREIRAS

Servizo gratuíto de asistencia a persoas con discapacidade ou mobilidade reducida nos aeroportos da súa rede.

Pódese solicitar este servizo a través da compañía aérea, na páxina web de Aena ou no servizo de información de Aena (+34) 91 321 10 00).

Mais información: <https://www.aena.es/pmr/inicio>



ABONO SOCIAL DE MOVISTAR

QUE É?

O Abono Social é unha facilidade que ofrece Telefónica ás persoas xubiladas e pensionistas á hora de contratar unha liña de telefonía fixa ou unha liña fixa con conexión a internet, sempre que cumpran cuns requisitos.

REQUISITOS:

- Ser persoa xubilada ou pensionista (tanto de pensións públicas da Seguridade Social como pensións privadas recoñecida por resolución xudicial).
- A suma das rendas de todas as persoas que conviven no mesmo domicilio non debe superar o equivalente ao 120% do IPREM de conformidade co último Certificado de IRPF dispoñible no momento da solicitude do Abono Social.
- O domicilio de instalación do teléfono coincidirá co domicilio de empadronamento do titular, que non poderá ter outra liña con esta clasificación.

BENEFICIOS:

- Unha liña de telefonía fixa cunha redución do 70% da cota de alta da liña telefónica fixa individual e do 95% da cota mensual da mesma.
- Unha liña de telefonía fixa cunha conexión a internet, con varias velocidades de acceso contratables. A liña de telefonía fixa inclúe además chamadas ilimitadas a fixos nacionais e un bono mensual de 50 minutos para chamadas de fixo a móbiles nacionais.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Movistar.



TARXETA DE ESTACIONAMENTO

A QUEN SE LLE OUTORGA?

A tarxeta de estacionamento concederáselle a persoas con mobilidade reducida, con carácter persoal e intransferible, de cara a favorecer o uso dos transportes privados, para que o seu titular poida gozar das facilidades de estacionamento relacionadas coa mesma.

ACCESO:

Son os concellos os que deberán aprobar normativas que garantan e favorezan a accesibilidade das persoas titulares deste tipo

de tarxeta debendo establecer, como mínimo, o seguinte:

- a) Reservas con carácter permanente de prazas de aparcadoiro debidamente sinaladas.
- b) Ampliación do límite do tempo, cando este estivera establecido, para aparcamento de vehículos titulares desta tarxeta.
- c) Autorización para que os vehículos ocupados por persoas titulares de tarxeta de estacionamento poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peonil.

USO:

Cando a persoa titular da tarxeta sexa unha persoa física, poderá utilizala en calquera vehículo, sexa ou non da súa propiedade.

Cando a persoa titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica, deberá incluír as matrículas dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade.

Deberase colocar a tarxeta nun lugar visible do vehículo.

TARXETA DE ESTACIONAMENTO PROVISIONAL

A QUEN SE LLE OUTORGA?

Emítese por razóns humanitarias, de carácter provisional, a vehículos de persoas con mobilidade reducida aínda que non sexa recoñecida oficialmente, por causa de enfermidade ou patoloxía de extrema gravidade, que reduza a esperanza de vida.

Aos titulares da tarxeta de estacionamento provisional seralles de aplicación os dereitos, obrigas e condicións de uso regulados na normativa vixente, ao igual que a tarxeta de estacionamento de carácter xeral, durante o tempo que dure a súa concesión.

Hai que acreditar ditas circunstancias mediante certificado médico dos servizos públicos de saúde, validada pola inspección de servizos sanitarios correspondentes ao domicilio da persoa solicitante.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. Real Decreto 1056/2014, de 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.



SERVIZO DE PAQUETERÍA MRW

CONCEPTO:

Calquera persoa con algunha discapacidade dispón de 5 envíos ao mes cun prezo reducido (5kg por 100cm sumados o ancho, alto e longo. Se supera esta cantidade, incrementarase o prezo). Consultar prezos nas oficinas correspondentes.

A persoa con discapacidade unicamente pode ser o remitente, sempre que presente o seu Certificado de Discapacidade ou calquera documento oficial que acredite esta condición.

O envío pode producirse dende e ata calquera lugar de Andorra, España, Xibraltar e Portugal. Os envíos con orixe e/ou destino Baleares, Canarias, Ceuta e Melilla, terán un flete adicional (a consultar coa súa oficina MRW).

REQUISITOS E CONDICIÓNS DE ENVÍO:

Ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

ORGANISMO DE REFERENCIA:

ORGANISMO DE REFERENCIA: MRW
atención ao cliente: +34 91 829 66 89 / 900 103 668.
(MRW Servizo Solidario).

SERVIZO BAIXO DEMANDA DE RESERVA DE AUTOBUSES DE GALICIA

CONCEPTO:

Trátase dun servizo de autobús dirixido a todas as persoas para realizar viaxes metropolitanos e interurbanos.

Para facer a reserva, deberán chamar ao 988 68 78 00 en horario de 8:00h a 19:00h (en días laborais) ou a través da páxina web bus.gal. Deberán solicitar a reserva cun mínimo de dous días de antelación á viaxe que queren facer.

O Centro de Transporte Público de Galicia encargárase de realizar dita reserva e a persoa deberá indicar o nº de DNI e saber cando quere viaxar e entre que paradas, de tal xeito que o propio Centro de Transporte Público xestionará o servizo coas diferentes empresas que fan a viaxe.


No caso de persoas con discapacidade e/ou mobilidade reducida que precisen da obtención de medidas necesarias para viaxar, terán que indicalo tamén no momento de realizar a solicitude de reserva.

Pódese atopar máis información no seguinte enlace:

<https://www.bus.gal/gl/faq/servizo-baixo-demanda>

ORGANISMO DE REFERENCIA:

Centro de Transporte Público de Galicia
Nº Teléfono: 988 687 800
Páxina web BUS.GAL



SERVIZO DE INTÉRPRETES DE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA E GUÍA INTÉRPRETE PARA PERSOAS XORDOCEGAS

CONCEPTO:

Servizo de carácter gratuíto que consistente en facilitar un/ha profesional intérprete para garantir a comunicación cando esta se produza entre persoas xordas ou xordocegas e persoas oíntes para a cobertura de servizos básicos da vida diaria, puntuais e individuais como por exemplo consultas médicas,

laborais, educativas, legais ou comerciais, entre outras.

Coas persoas xordocegas, o/a intérprete realiza ademais funcións de guía e descrición da contorna e o que sucede na mesma.

ONDE SOLICITALO:

Pódese solicitar por varias vías:

Internet:

<https://faxpg.wufoo.com/forms/solicitud-de-silsegi/>

De forma presencial ou por teléfono a través da Axencia FAXPG máis próxima.

Por SMS ao 672 012 222

Por correo electrónico: solicitudsilse@faxpg.es

INFORMACIÓN RELACIONADA:

<https://www.faxpg.es/>

Tlfno.: 981 169 336

OUTROS BENEFICIOS

Presentando o certificado ou a tarxeta de discapacidade pódese ter dereito a descontos ou entradas de balde nalgúns establecementos, como museos, salas de espectáculos, monumentos arquitectónicos, ximnasios, ...



TAXAS

7 TAXAS

Taxas de xefatura provincial de tráfico

QUE SON?

Son cantidades que se deben aboar en Tráfico como contraprestación dos servizos e actividades e/ou trámites relacionado cos vehículos e/ou autorizacións para circular, entre outros. Pode consultarse información e importes na páxina oficial da Dirección Xeral de Tráfico: Catálogo de taxas: <https://sede.dgt.gob.es/es/otros-tramites/pago-de-tasas/#>

SUPOSTO DE BONIFICACIÓN DOS IMPORTES DAS TAXAS:

Aquelas **persoas que por razón das súas aptitudes psicofísicas** estean obrigadas a solicitar a prórroga de vixencia dun permiso ou outra autorización administrativa para conducir da que sexan titulares, **cunha frecuencia maior á que normalmente lles correspondería** (nun prazo inferior ao establecido) terán dereito a unha bonificación nas taxas.

Bonificacións: Do 80% da contía da taxa cando a prórroga se produza por períodos iguais ou inferiores a un ano, reducíndose a bonificación en 20 puntos porcentuais por cada ano adicional. En particular:

A bonificación é variable en función do tempo polo que se concede:

- Prórroga de vixencia de permiso ata 1 ano: 80%.
- Prórroga de vixencia de permiso ata 2 anos: 60%.
- Prórroga de vixencia de permiso ata 3 anos: 40%.
- Prórroga de vixencia de permiso ata 4 anos: 20%.

A taxa abonarase na súa totalidade a partir do período de vixencia superior a catro anos.

Unha vez calculado o importe reducido, aplicaráselle o redondeo de cantidades aprobado con carácter xeral para as taxas da Xefatura Central de Tráfico co fin de obter a contía a esixir.

Ampliar información:

<https://www.dgt.es/nuestros-servicios/permisos-de-conducir/obtener-un-nuevo-permiso-de-conducir/permiso-con-discapacidad/>

NORMATIVA DE REFERENCIA:

